



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA**

SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACIÓN

Referencia: PCO.001.2022.00729

RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA O PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E O PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DUN SOFTWARE DE XESTIÓN EDITORIAL E LICENZAS, COS SERVIZOS DE POSTA EN MARCHA, SOPORTE, MANTEMENTO E ACTUALIZACIÓN, ASÍ COMO LECTORES DE CÓDIGOS DE BARRAS INTELIXENTES PARA A IMPRENTA PROVINCIAL DA DIPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA, CÓDIGO EXPEDIENTE PCO.001.2022.00729

Don **VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO**, Presidente da Deputación Provincial da Coruña:

RESOLVO:

1. Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares asinado polo Servizo de Patrimonio e Contratación en data 3 de maio de 2024 e o Prego de Prescricións Técnicas asinado pola Oficialía Maior con data 18 de decembro de 2023, para contratar a SUBMINISTRACIÓN DUN SOFTWARE DE XESTIÓN EDITORIAL E LICENZAS, COS SERVIZOS DE POSTA EN MARCHA, SOPORTE, MANTEMENTO E ACTUALIZACIÓN, ASÍ COMO LECTORES DE CÓDIGOS DE BARRAS INTELIXENTES PARA A IMPRENTA PROVINCIAL DA DIPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA, CÓDIGO EXPEDIENTE PCO.001.2022.00729, nas seguintes condicións:

1.1. Información do contrato

1.1.1. Tipo de contrato: subministración

1.1.2. Procedemento: aberto con pluralidade de criterios de adxudicación

1.2. Orzamento:

Concepto	orzamento sen IVE	IVE	Total
Subministración de software	15.289,26	3.210,74	18.500,00
Subministración de lectores de códigos de barras	3.719,01	780,99	4.500,00
Servizos de posta en marcha	2.892,56	607,44	3.500,00
Soposte e mantemento durante dous anos (custe do segundo e terceiro ano de mantemento; o primeiro ano está incluído no prezo das licenzas)	11.074,38	2.325,62	13.400,00
total	32.975,21	6.924,79	39.900,00

1.3. Valor estimado: 32.975,21 €

1.4. Vixencia do contrato:

- Fase 1: subministración das licenzas e dos lectores de códigos de barras, posta en marcha (migración dos datos, formación e implementación do sistema).

Esta fase ten os seguintes prazos parciais

- Subministración de licenzas e lectores: 2 meses desde o día seguinte á formalización do contrato.
- Migración, formación e implementación: 4 meses desde o día seguinte á formalización do contrato.

Realizadas as tarefas anteriores, formalizarase a acta de recepción da fase 1 e comezará a computarse o primeiro ano de soporte, mantemento e actualizacións, que está incluído no prezo das licenzas

- Fase 2: soporte, mantemento e actualizacións, cun prazo de execución de tres anos a partir do día seguinte á acta de recepción da Fase 1. Faise constar que o prezo do primeiro ano de soporte, mantemento e actualizacións está incluído no prezo das licenzas.

En consecuencia, o prazo total de execución do contrato é de tres anos e catro meses.

1.5. Financiamento: O contrato poderá financiarse do seguinte modo:

CONCEPTO	EXERCICIO	PARTIDA	NÚMERO OPERACIÓN	IMPORTE (€)
Subministración de software (2 meses dende o día seguinte á formalización do contrato)	2024	0114/92012/64100	RC 220240017619	18.500,00
Subministración de lectores de códigos de barras (2 meses dende o día seguinte á formalización do contrato)	2024	0114/92012/62600		4.500,00
Servizos de posta en marcha (4 meses dende o día seguinte á formalización do contrato)	2024	0114/92012/22799		3.500,00
Mantemento	2026 (2 semestres)	0114/92012/22799	RCP 220249000267	6.700,00
	2027 (2 semestres)	0114/92012/22799		6.700,00
		TOTAL		39.900,00

Por tratarse dun contrato de carácter plurianual, financiarase con arranxo ao disposto no art. 174 del Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

O contrato queda suxeito á condición suspensiva da existencia de crédito adecuado e suficiente para financiar as obrigas derivadas do contrato no exercicio correspondente.

2. Dispoñer que o referido contrato se adxudique mediante procedemento aberto con pluralidade de criterios de adxudicación.